

PASOS PARA A INSTALACIÓN DO MATERIAL DIDÁCTICO

“A HORTA ESCOLAR ECOLÓXICA. UN PROXECTO INTERDISCIPLINAR”.

DESDE A INTERNET OU SERVIDOR CLIENTE

O presente material didáctico consta de cursos moodle. Polo tanto para instalalos é preciso estar rexistrado nunha plataforma moodle.

1º paso

DESCARGAR NO PROPIO EQUIPO OS ARQUIVOS COMPRIMIDOS NECESARIOS PARA CREAR OS CURSOS MOODLE:

- ¡IMOS FACER UNHA HORTA! copia_de_seguranza-_imos_-09052014-1210.zip
- ¡MANS Á OBRA! copia_de_seguranza-_mans_a_obra_-09052014-1211.zip
- ¡MANS Á TERRA! copia_de_seguranza-_mans_a_terra_-09052014-1211.zip
- AGRI-CULTURA copia_de_seguranza-agri-cultura-09052014-1212.zip

2º paso

Na nosa conta moodle creamos unha subcategoría para incluír os catro cursos moodle dos que consta este material.

A continuación creamos os catro cursos deixando as características que teñen por defecto.

Entramos no primeiro curso e imos ó menú do lado esquerdo e seleccionamos o cartafol “ficheiros”.

Dentro seleccionamos a función “cargar ficheiros”.

A continuación seleccionamos “Seleccionar arquivo”

Ábrenos unha xanela cos cartafoles do noso equipo e seleccionamos a copia de seguranza do primeiro curso.

A continuación prememos “Cargar este ficheiro”. Cando xa está cargado, aparece outra xanela cunha barra de tarefas horizontal na parte superior.

Na barra horizontal, debaixo da palabra acción aparecen catro posibilidades para o noso arquivo. Prememos en “Restaurar”.

Nos fai vai presentando unha sucesión de opcións e seguimos adiante aceptando por defecto o que nos propón.

Ata que aparece a opción “Restaurar este curso agora”.

Infórmanos que a restauración foi completada con éxito.

Deste xeito xa está creado o curso moodle con todo o material didáctico, e so temos que rexistrar o alumnado.

Nos materiais deste curso poderemos facer os cambios e adaptacións que consideremos oportunos.